

ΙΣΤΟΡΙΑ
ΤΗΣ
ΠΑΛΑΙΑΣ
ΕΛΛΑΔΟΣ
Β'

HISTORIA DA GRECIA
ANTIGA (II)

ÉPOCA CLÁSICA

(s. V-IV a.C.)

CRONOLOGÍA

Guerras Médicas (490-479 a.C.)

Esplendor de Atenas (479-431 a.C.)

Guerra do Peloponeso (431-404 a.C.)

Hexemonía de Esparta (404-362 a.C.)

Hexemonía de Tebas (362-338 a.C.)


Imperio Macedónico (338-323 a.C.)



No s. VI a.C. tomou forma o Imperio Persa. Grazas a reis como Ciro II, Cambises II e Darío I, acabou por comprender extensos territorios, correspondentes ós actuais países de Turquía, Iraq, Irán, Afganistán, Siria, Líbano, Israel, Exipto e outros. A finais dese século, as cidades gregas da Xonia (oeste da actual Turquía) e a rexión de Tracia (aproximadamente a Bulgaria de hoxe) caeran tamén baixo o seu dominio. Axiña comezarían as que coñecemos como Guerras Médicas



PROGRESION DEL
DOMINIO PERSA
antes de la rebelion.
Ciro - Cambises






No ano 499 a. C. as cidades xonias, apoiadas por Atenas, rebeláronse contra os persas. Darío I, o seu rei, tomou represalias incendiando Mileto, e quixo castigar tamén a Atenas. En 490 a.C. enviou un exército a través do Exeo. Os atenienses, ó mando do seu xeneral Milcíades, enfrontáronse ós persas na chaira de Maratón e, a pesar de ser inferiores en número, derrotáronos. Pouco despois, Darío I morreu e a ameaza persa quedou adiada.

Asemade, Atenas profundizou as súas reformas políticas tendentes á democracia. Por outra banda, descubriu unha enorme mina de prata na Ática que, a instancias do político Temístocles, se empregou en construír unha enorme frota de guerra para previr unha nova invasión persa

En 480 a.C. os persas, co seu rei Xerxes I á cabeza, decidiron vingarse da derrota de Maratón. O ataque foi dobre: mentres unha frota cruzaba o Exeo en dirección a Atenas, un gran exército de terra invadiu Grecia polo norte. Esparta e Atenas pediron axuda ás demais cidades gregas, pero non todas se uniron á causa.

7.000 gregos, entre os que se atopaban os 300 soldados espartanos de elite baixo o mando do seu rei Leónidas I, cortaron o avance dos persas no paso estreito das Termópilas. A resistencia final realizárona os 300 xunto con 1.000 beocios. Todos morreron, pero o seu sacrificio deu tempo a Atenas para prepararse





Os atenienses evacuaron a súa cidade e tamén a Ática. O exército persa tomou e incendiou unha cidade baleira, e o destino da guerra íase a decidir no mar. Os gregos, confiados na gran frota ateniense, atraeron os persas ó golfo de Salamina, onde os barcos inimigos non tiveron espazo para manobrar e foron vencidos. Xerxes volveu a Persia, deixando ó seu cuñado Mardonio cun terzo do seu exército, que foi derrotado en Platea, en 479 a.C. Pouco despois, en Micala, os restos do exército persa foron definitivamente vencidos, e as cidades xonias recobraron ademais a súa independencia

Esparta e Atenas saíron moi fortalecidas da vitoria sobre os persas. A primeira asentou o seu dominio terrestre sobre o Peloponeso, mentres que a segunda consolidou o seu imperio marítimo: encabezou a Liga Délica, que era unha alianza defensiva contra posibles invasións persas, apoiada na potente frota ateniense.

Baixo Temístocles, Atenas amurallou a cidade e o porto de O Pireo. Máis tarde, Pericles fixo erguer os Muros Longos para comunicar Atenas co seu porto de xeito seguro, e tamén embeleceu a cidade.

En case todo o mundo grego floreceron as artes, as ciencias e as letras, polo que o s. V é chamado "Século de Ouro de Atenas" ou "Século de Pericles"



Esopo
Sófocles
Eurípides
Aristófanes

Fidias

Leucipo
&
Demócrito


Hipócrates

Pitágoras




A política exterior de Atenas foise volvendo máis agresiva. Apoiou a Exipto na súa rebelión contra os persas enviando unha frota que foi derrotada. Ademais, apoiaba gobernos proatenienses en cidades dominadas por Esparta, coa que mantivo varios enfrontamentos indirectos.


Así, en 431 comezou a Guerra do Peloponeso, que fixo entrar en conflito a case todas as cidades gregas, obrigadas a aliñarse con Esparta ou Atenas



Ante os ataques espartanos, Pericles optou por refuxiarse en Atenas, abastecida polo porto de O Pireo coa protección dos Muros Longos. Pero en 430 a.C. Pericles morreu vítima dunha peste, e os atenienses dividíronse: os partidarios de Cleón querían continuar a guerra, mentres que os seguidores de Nicias desexaban negociar a paz con Esparta. Tras 9 anos con vitorias e derrotas repartidas, firmouse a chamada Paz de Nicias en 421.

Mais a chegada ó poder en Atenas de Alcibíades reiniciou a guerra cun ataque a Sicilia, á que Esparta axudou. Máis tarde, os atenienses privaron do mando da campaña a Alcibíades, que se pasou ós espartanos. Atenas foi derrotada, e pouco despois Esparta aliouse con Persia. Atenas puido facerlle fronte recorrendo de novo a Alcibíades, pero foi definitivamente vencida na batalla naval de Egospótamos (404 a.C.)








Esparta impuxo en Atenas un goberno oligárquico (chamado "dos Trinta Tiranos"), que só durou un ano, pois en 403 a.C. restaurouse o sistema democrático. Un feito importante desta época foi a condena a morte do filósofo Sócrates; pouco despois, o seu discípulo Platón difundiría as súas ideas, acompañándoas doutras propias.

Esparta, no cumio do seu poder, organizou unha expedición contra o Imperio Persa, mais fracasou, e en 394 a.C. o exército espartano volveu a Grecia para enfrontarse ás rebelións de varias cidades contra a súa hexemonía. Esparta foi derrotada en 390 por Corinto, e viuse obrigada a firmar a paz con Persia. Ademais, Tebas comezou a desafiar a súa posición dominante

Entre 371 e 362 a.C., baixo o liderado dos xenerais Epaminondas e Pelópidas, Tebas mantivo unha guerra con Esparta que rematou coa derrota total desta na batalla de Mantinea. Esparta quedou reducida á súa rexión de Laconia e perdeu o dominio sobre o Peloponeso. Tebas converteuse na cidade dominante dentro dunha Grecia en decadencia política e militar.

A mediados do s. IV, a cidade de Siracusa, en Sicilia, conquistou un pequeno imperio que comprendía a súa illa (parte dela gañada ós cartaxineses) e tamén o sur de Italia (o que chamamos "Magna Grecia")






Durante o século IV a ciencia, as artes e a filosofía gregas seguiron a producir figuras e conceptos que chegaron á actualidade.

Epicureísmo, estoicismo e cinismo tiñan en común que o seu foco de interese era o ser humano e a busca da mellor forma de atopar a felicidade.

Os astrónomos Heráclides Póntico e Aristarco de Samos teorizaron sobre a rotación da terra dun xeito parecido a como se faría moitos séculos despois

A mediados do s. IV
xurdiu, da man do seu
rei Filipo II, unha nova
potencia no norte de
Grecia: Macedonia,
que para os restantes
helenos era unha
rexión bárbara. Filipo,
apoiado nun exército
moi ben organizado,
puxo os seus ollos nas
ciudades do sur e foinas
sometendo unha tras
douta. As súas
principais opositoras
foron Tebas e Atenas
(na que destacaba o
orador e político
Demóstenes), ata que
en 338 a.C. Atenas foi
derrotada na batalla
de Queronea.



Dous anos despois de Queronea, Filipo foi asasinado e subiu ó trono o seu fillo Alexandre, que fora educado polo filósofo Aristóteles. Ó tomar o poder, Alexandre puxo en marcha un ambicioso proxecto que o seu pai concibira: a conquista do Imperio Persa.

En 334 a.C. pasou a Asia Menor e derrotou os persas en sucesivas batallas: Gránico (334), Issos (333) e Gaugamela (331), sometendo o rei Darío III. En tres anos conquistou o resto do Imperio, incluíndo Exipto, chegando ata a actual India en 326. Obrigado polos seus homes, emprendeu o regreso, pero morreu en Babilonia en 323, vítima dunha enfermidade. Á súa morte, o seu Imperio esnaquizouse

